



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: citiinfo@usc.es
<http://maisd.usc.es>

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 11/2017**, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo I da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Ter cumpridos os 16 anos .
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique no anexo I da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo II desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitios no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

A documentación aportada coas solicitudes pódese recuperar no Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D (Oficina de Investigación e Tecnoloxía, Edificio Cactus, Campus Vida), durante os 3 meses seguintes a data de publicación da Resolución de Selección. Pasado ese prazo procederase a súa destrución.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvaguardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte, un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente:

Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario:

Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D
Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura no anexo I destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren no anexo I destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollos ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador propoñente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, no anexo I desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sxiilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, no anexo I desta convocatoria.

11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 do 1de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

Por delegación do Reitor

(Resolución do 22/09/2015, DOG 05/10/2015)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,



Isabel Rodríguez-Moldes Rey



ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PI027

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	NANOEATERS-II. Transferencia y valorización de NANOTecnoloxías a PYMEs innovadoras de la Eurorregión (early adopters) Proyecto cofinanciado al 75% por el Programa Interreg V-A POCTEP a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) de la Unión Europea .
Centro de Trabajo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)
Investigador principal	Brea Sanchez, Victor Manuel

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Diseño de circuitos de recolección de enerxía en tecnoloxía CMOS estándar
Retribución bruta mensual	1182 €
Duración do contrato*	4 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo parcial
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Licenciado/a – Grao en Física
MÉRITOS A VALORAR
Experiencia en deseño en electrónica analóxica, 40 puntos. Expediente académico, 10 puntos. Entrevista persoal (só ós candidatos que teñan unha puntuación igual ou superior ós 40 puntos sumando a puntuación dos dous méritos anteriores), 50 puntos.

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PN107

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Desarrollo de un sistema de toma de decisiones para el metabolismo urbano sostenible en España combinando indicadores ambientales y socio-económicos. EXCELENCIA 2016
Centro de Trabajo	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Investigador principal	González García, Sara

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Determinación de cargas ambientais asociadas á xestión de residuos producidos en cidades españolas
Retribución bruta mensual	1184.73 €
Duración do contrato*	6 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Licenciado/a – Grao en Enxeñaría Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MÉRITOS A VALORAR
Participación en proxectos relacionados con Gestión Ambiental, 35 puntos. Artículos científicos publicados en revistas del Citation Index relacionados con la temática del proxecto, 50 puntos. Participación en congresos de ámbito científico, 15 puntos

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PI020.00

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	MIGRAMIÑO-MINHO. Protección y Conservación de peces migradores en el tramo internacional del río Miño y sus afluentes Proyecto cofinanciado al 75% por el Programa Interreg V-A POCTEP a través del Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) de la Unión Europea .
Centro de Traballo	Rede de Centros Singulares de Investigación
Investigador principal	Cobo Gradín, Fernando

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Marcado e implantación quirúrxica de transmisores de peixes migradores. , Seguimento por telemetría e obtención de datos biométricos, poboacionais ,Análisis estatístico de datos e redacción de informes e publicacións científicas,Apoio administrativo na execución do proxecto
Retribución bruta mensual	1731.43 €
Duración do contrato*	26 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Doutor/a
MÉRITOS A VALORAR
Publicacións SCI sobre ecoloxía de peixes migradores doceacuícolas, 35 puntos.Pubpublicacións 'peer review', Libros ou capítulos de libros sobre peixes migradores, 15 puntos. Comunicacións a congresos, 15 puntos.Proxectos e contratos obre Hidrobioloxía, 5 puntos. Experiencia en traballos de telemetría, 10 puntos.Titulación de buceo, 3 puntos. Cursos sobre Hidrobioloxía, 5 puntos.Inglés (nivel avanzado), 3 puntos. Estancias en centros extranxeiros, 3 puntos. Experiencia en organización de I+D, 3 puntos. Tesis doctoral sobre bioloxía de peixes migradores, 3 puntos

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: ctinfo@usc.es

duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PI020.01

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	MIGRAMIÑO-MINHO. Protección y Conservación de peces migradores en el tramo internacional del río Miño y sus afluentes Proyecto cofinanciado al 75% por el Programa Interreg V-A POCTEP a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) de la Unión Europea .
Centro de Trabajo	Rede de Centros Singulares de Investigación
Investigador principal	Cobo Gradín, Fernando

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Realizar os traballos de análise no laboratorio en materiais procedentes das mostraxes de campo., Xestionar e supervisar o sistema de xestión da calidade do proxecto segundo o mapa de procesos, Supervisar a compra de equipos e avaliar comparativamente as propostas, Participar nas mostraxes de campo e derecollida de mostraxas, Elaborar informes, publicacións científicas e materiais de divulgación.
Retribución bruta mensual	1731.43 €
Duración do contrato*	26 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Doutor/a
MÉRITOS A VALORAR
Publicacións SCI sobre hidrobioloxía, 20 puntos. Formación en xestión de calidade, 15 puntos. Formación técnicas analíticas e traballos de laboratorio, 15 puntos. Publicacións 'peer review', libros, capítulos de libros, sobre hidrobioloxía, 10 puntos. Capacitación manexo animais de experimentación, 10 puntos. Experiencia laboral en materia de Hidrobioloxía, 10 puntos. Comunicacións en congresos, 5 puntos. Informes e documentos científico técnicos, 5 puntos. Participación en actividades de I+D, 5 puntos. Teis doctoral sobre peixes migradores, 5 puntos

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Edificio CACTUS – Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

Tel. 881816201

Correo electrónico: ctinfo@usc.es

duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PN145

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Plataforma de biorefinería para a produción selectiva de produtos químicos a partir debiomasa de baixo coste. ACCIONES DE PROGRAMACIÓN CONJUNTA INTERNACIONAL 2016
Centro de Traballo	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Investigador principal	Carballa Arcos, Marta

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Desenvolvemento e optimización do modelo do proceso de produción de ácidos graxos volátiles mediante fermentación en cultivo mixto
Retribución bruta mensual	1900 €
Duración do contrato*	12 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Investigador/a asociado

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Doutor/a
MÉRITOS A VALORAR
Doutor /a en Tecnoloxía dos Alimentos (50 puntos) Modelado de bioprocesos en cultivo mixto, 10 puntos. Deseño óptimo de experimentos e estimación robusta de parámetros de modelado, 10 puntos. Experiencia en proxectos de investigación internacionais, 10 puntos. Entrevista personal aos 3 mellores candidatos, 20 puntos.

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG013

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) - CENTROS DE INVESTIGACIÓN SINGULARES 2016
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS)
Investigador principal	Diéguez González, Carlos

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	2
Traballo a realizar	Preparación de mostras para ensaio, pesado e disolución de mostras, rexistro, en bases de datos., Preparación e execución de ensaios in vitro, Cultivo celular e obtención de reactivo biolóxico
Retribución bruta mensual	1262,50 €
Duración do contrato*	6 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
FP II - Ciclo Superior en Análisis y Control de Calidad FP II - Ciclo Superior en Química Ambiental FP II - Ciclo Superior en Química
MÉRITOS A VALORAR
Experiencia profesional como técnico de laboratorio en postos similares, 20 puntos. Experiencia en execución de ensayos farmacolóxicos in vitro de alto rendimento, Cultivo celular a diferentes escalas Y obtención de reactivo biolóxico, Manejo de quimiotecas de compuestos., 40 puntos. Entrevista personal a los dos que obtengan la mayor puntuación en los apartados anteriores, 40 puntos.

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG074.00

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Consolidación e estruturación. REDES GI-1871 Novos enfoques da análise territorial NEDAT
Centro de Traballo	Facultade de Ciencias da Educación
Investigador principal	Lois González, Rubén Camilo

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Actualización de datos de investigación do GI RODA, do rexistro de investigadores e da produción científica
Retribución bruta mensual	800 €
Duración do contrato*	2 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo parcial
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Licenciado/a - Grao en Maxisterio , Historia da Arte,Xeografía, Historia, Bioloxía, Matemáticas, Física ou Química
MÉRITOS A VALORAR
Expediente académico na titulación requirida (poden valorarse como mérito outras titulacións aínda que de forma complementaria), 15 puntos. Acreditación de coñecementos en metodoloxía da investigación educativa, 15 puntos. Master en Formación de Profesorado de Secundaria, 10 puntos. Coñecementos de informática: Procesadores de texto, follas de cálculo; bases de datos; redes sociais; e outros, 15 puntos. Experiencia en xestión da investigación: organización e xestión de simposios, seminarios e outros eventos relacionados coa investigación e/ou a educación; bolsas de colaboración en departamentos universitarios (de maneira prioritaria en áreas das didácticas aplicadas); experiencias de innovación educativa; estadias, contratos ou calquera outro mérito similar, 15 puntos. Coñecemento de galego e español. Complementariamente valoraráse tamén o coñecemento doutras Linguas europeas (catalán, euskera, portugués, francés ou alemán), 10 puntos. Coñecemento de inglés, (B1 mínimo ou equivalente) 20 puntos.

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Edificio CACTUS – Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

Tel. 881816201

Correo electrónico: ctinfo@usc.es

duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PI042.00

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	GEOARPAD-I.Patrimonio Colectivo Cultural: Plataforma para la valorización e Innovación Proyecto cofinanciado al 75% por el Programa Interreg V-A POCTEP a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) de la Unión Europea .
Centro de Trabajo	Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
Investigador principal	Lois González, Rubén Camilo

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Elaboración do catálogo estruturado de información xeográfica coas fontes e imaxes de base de referencia
Retribución bruta mensual	1731.43 €
Duración do contrato*	12 meses y 1 días
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Doutor/a
MÉRITOS A VALORAR
Licenciatura en Arquitectura, 20 puntos. Doutorado en Xeografía ou en Rexeneración Urbana e Desenvolvemento Económico, 15 puntos. Estadías de investigación, 20 puntos. Coñecemento acreditado do inglés (TOEFL), 10 puntos. Participación en actividades de difusión e transferencia científicas, 10 puntos. Experiencia laboral e contratos de investigación, 5 puntos. Entrevista (aos 4 mellores candidatos), 20 puntos

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PI042.01

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	GEOARPAD-I.Patrimonio Colectivo Cultural: Plataforma para la valorización e Innovación Proyecto cofinanciado al 75% por el Programa Interreg V-A POCTEP a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) de la Unión Europea
Centro de Trabajo	Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
Investigador principal	Lois González, Rubén Camilo

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Deseño do modelo conceptual e técnico do sistema de información para a xestión e difusión do Patrimonio Cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal
Retribución bruta mensual	923.43 €
Duración do contrato*	12 meses y 1 días
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo parcial
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Doutor/a
MÉRITOS A VALORAR
Doutorado en Xeografía (10 puntos) Participación en actividade de difusión e transferencia científicas, 20 puntos. Participación en proxectos de investigación e contratos de investigación (20 puntos) Publicacións científicas, 25 puntos. Estadías de investigación, 15 puntos. Entrevista (aos 4 mellores candidatos), 15 puntos

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PI042.02

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	GEOARPAD-I.Patrimonio Colectivo Cultural: Plataforma para la valorización e Innovación Proyecto cofinanciado al 75% por el Programa Interreg V-A POCTEP a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) de la Unión Europea
Centro de Trabajo	Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
Investigador principal	Lois González, Rubén Camilo

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Interpretación da normativa da Eurorrexión en temas do patrimonio.Elaboración dun modelo de sistematización das categorías do patrimonio colectivo cultural
Retribución bruta mensual	1731.43 €
Duración do contrato*	12 meses y 1 días
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Doutor/a
MÉRITOS A VALORAR
Coñecemento acreditado dos idiomas: inglés (nivel mínimo: C1) e francés (nivel mínimo: A2), 10 puntos.Máster en Xeografía ou Máster en Dirección e Planificación do Turismo: 20 puntos.Doutor/a en Xeografía ou Doutor en Dirección e Planificación do Turismo: 10 puntosExperiencias en xestión de actividades de difusión e transferencia científica, 10 puntos.Participación en proxectos de investigación e contratos de investigación, 10 puntos.Publicacións científicas (preferiblemente relacionadas coa temática do proxecto de investigación), 15 puntos.Coñecementos de sistemas de información xeográfica, 5 puntos.Entrevista (aos 3 mellores candidatos), 20 puntos

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: ctinfo@usc.es

duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PN162

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Culturas urbanas: las ciudades interiores en el noroeste ibérico. Dinámicas e impacto en el espacio. - RETOS 2015
Centro de Traballo	Facultade de Xeografía e Historia
Investigador principal	Rey Castelao, Ofelia

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Elaboración de base de datos e cartografiado das unidades administrativas e dos sistemas metrolóxicos de Galicia nos séculos XVI-XVIII a partir do Catastro de La Ensenada e outras fontes de arquivo. Xestión da web do proxecto
Retribución bruta mensual	760 €
Duración do contrato*	15 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo parcial
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Licenciado/a – Grao en HISTORIA
MÉRITOS A VALORAR
<p>Dominio paleográfico do período moderno, acreditado en expediente, 15 puntos. Cursos de arquivos, 10 puntos. Cursos informáticos de análise de datos, 10 puntos. Estancias en centros extranxeiros ou estatais especializados no período moderno, 15 puntos. Publicacións relacionadas coa administración galega moderna ou temas afíns, 20 puntos. Bolsas e contratos en convocatorias competitivas (FPU, FPI, Xunta), 20 puntos. Premios en convocatorias competitivas (de investigación, de licenciatura), 5 puntos. Idioma extranxeiro (B2 ou equivalentes), 5 puntos</p>

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG014.00

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	CITIUS - AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS 2016
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)
Investigador principal	Félix Lamas, Paulo

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Controlador de traxectorias para a xeración de rutas en UAVs
Retribución bruta mensual	1184.73 €
Duración do contrato*	4 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Informática. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MÉRITOS A VALORAR
Formación acreditada de postgrao en sistemas intelixentes, 30 puntos. Experiencia en investigación, proxectos e contratos de I+D en sistemas intelixentes e robótica móbil, 30 puntos. Entrevista persoal (só no caso de superar 50 puntos nos méritos anteriores), 40 puntos.

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG014.01

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	CITIUS - AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS 2016
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)
Investigador principal	Félix Lamas, Paulo

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Identificación visual de persoas en entornos non restrinxidos e sobre dispositivos con recursos limitados mediante aprendizaxe incremental e permanente
Retribución bruta mensual	1184,73 €
Duración do contrato*	3 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo parcial
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Licenciado/a - Grao en Matemáticas, Físicas, Informática o Telecomunicaciónes
MÉRITOS A VALORAR
Coñecementos de visión por computador, 20 puntos. Coñecementos de técnicas de recoñecemento de patróns aplicados a visión, 20 puntos. Expediente académico, 10 puntos. Coñecementos de ferramentas como OpenCV e semellantes, 10 puntos. Programación, 10 puntos. Entrevista persoal aos candidatos que acaden un mínimo de 55 puntos no resto dos items, 30 puntos.

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG014.02

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	CITIUS - AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS 2016
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)
Investigador principal	Félix Lamas, Paulo

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Desenvolvemento de modelos Machine Learning para a automatización e control dunha línea de produción industrial en tempo real
Retribución bruta mensual	2312,65 €
Duración do contrato*	5 meses y 7 días
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA
Doutor/a
MÉRITOS A VALORAR
Learning, computación distribuída y Big Data, 15 puntos. Experiencia en frameworks de procesamiento Big Data como Hadoop, Storm o Spark, 15 puntos. Experiencia en TensorFlow, 15 puntos. Experiencia en proxectos europeos, 15 puntos. Entrevista personal (solo en el caso de superar 50 puntos en los méritos anteriores), 40 puntos

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG014.03

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
